

Opinión Hoxe

opinion@galicia-hoxe.com

PENSADORES DE HOXE

Pensadoras galegas



MARCELINO AGÍS VILLAVERDE

A caban de aparecer en Lisboa as Actas do I Congreso Internacional dedicado ó *Pensamento Luso-Galaico-Brasileiro (1850-2000)*, editadas en tres volumes pola Imprensa Nacional-Casa da Moeda. Ó longo desta colección de milleiros de páxinas comprobamos que existen temas comúns que demostran a existencia dunha tradición compartida no ámbito filosófico en Galicia, Portugal e Brasil. O caso emblemático é, sen dúbida, o tema da saudade.

Mais tamén cómpre falar de tres pensamentos diferenciados, construídos a partir das achegas dunha ampla nómina de intelectuais de diversas épocas que non sempre tiveron relación, ou mesmo noticia, do realizado fóra da súa propia tradición. Neste último sentido, hai unha interesante e orixinal achega da profesora María Xosé Agra Romero, sobre o pensamento feminista en Galicia, tomando como referencia o abano que vai entre os anos 1850 e 2000, marco temporal de estudo do devandito Congreso.

María Xosé retoma un asunto do que xa se tiña ocupado no *Dicionario-Enciclopedia do pensamento galego*, editado polo Consello da Cultura Galega e Edicións Xerais no ano 2008. Existen algúns traballos de investigación feitos con anterioridade dende esta mesma óptica, caso do publicado no ano 1995 por



CHICO MIRAS

Hai no XIX tres figuras que lles abren un espazo ás mulleres no ámbito cultural: Rosalía, Pardo Bazán e Concepción Arenal

Carmen Blanco titulado *O contra-discurso das mulleres. Historia do feminismo*. Así e todo, dende aquela avanzouse na investigación no ámbito do feminismo, tanto dende a perspectiva teórico-doutrinal como histórica.

A dificultade para atopar as voces das mulleres, agochadas detrás dos textos literarios medievais, fai que no caso de Galicia non poida-

mos falar dunha ampla tradición premoderna do feminismo. Non así cando chegamos á Ilustración galega. Os estudosos deste período coinciden en sinalar que na segunda metade do século XVIII se produce unha renovación de ideas, que ten o seu reflexo no só no ámbito das creacións intelectuais, senón tamén na aparición de institucións para levar a práctica tales propostas.

Unha renovación que afecta á consideración e á capacidade das mulleres, así como a defensa da necesidade da súa educación en pé de igualdade cos homes. María Xosé Agra salienta as achegas de tres frades bieitos: Feijoo, Sarmiento e Vicente do Seixo.

Feijoo realizará, con carácter pioneiro, este labor apoloxético e reivindicativo no *Discurso XVI do Teatro Crítico Universal*, titulado

Defensa das mulleres. Fiel ó espírito desta obra, Feijoo emprega a súa argumentación contra o erro común, no que está o vulgo e boa parte dos pensadores verbo da desigualdade entre os sexos. Uns argumentos nos que vai profundar o Padre Sarmiento na súa *Demostración crítico-apoloxética do Teatro Crítico Universal* do ano 1779. Uns anos máis tarde (1801) publicará un amplo discurso Vicente do Seixo reforzando os argumentos de Feijoo e de Sarmiento.

Hai no século XIX tres figuras excepcionais que abren, coa altura intelectual das súas creacións literarias e ensaísticas, un espazo ás mulleres no ámbito da cultura galega e universal: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal. Rosalía define esta nova conciencia intelectual da muller, libre para sentir, libre para falar e libre para transformar o mundo, nun breve texto publicado no ano 1858 no *Álbum del Miño*, cando só contaba vinte e un anos: "Eu son libre. Nada pode coutar a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino".

Tamén os escritos de Pardo Bazán e Concepción Arenal servirán para remover as conciencia e promover un feminismo liberal a prol das reformas legais, dereitos sociais das mulleres e dunha educación igualitaria.

Son momentos dunha historia que terá un admirable desenvolvemento no século XX, no que nace un feminismo filosófico, aínda por sistematizar, ó que pertence a nosa María Xosé Agra Romero. ¡Todo se andará! ●

Non hai dereito



JOSÉ DE CORA

Nalgures díxose que España era un dos lugares do mundo onde se convocan máis manifestacións. E non é de estrañar, a manifestación é o sistema máis rápido, seguro e eficaz de informar que a culpa non é miña; ou como escribe Juaristi, de que a responsabilidade caia sempre noutro, o que sexa. Soben os prezos. Manifestéstome.

A culpa é do tendeiro. A pouco que se lle bote algo de imaxinación, sempre se atopan motivos para pintar unha pancarta tras a que aparecerán manifestantes que pensan o mesmo. Cando o do volcán islandés estaba aínda quente, un repórter achegoulle a cebola a uns viaxeiros frustrados e estes dixéronlle:

—Non hai dereito.

Por suposto, non hai dereito a que un movemento telúrico che deixe sen fogar, cando non sen vida. Ou a que un volcán se poña

O manifestante é o home puro por antonomasia. Protesta polo que sexa

a cuspir lava e cinzas tipo Stromboli o día en que voas a Londres. Hai que facer algo e manifestáste. "Xa abonda de volcáns".

O manifestante é o home puro por antonomasia. Protesta polo que sexa. Quen non protesta está satisfeito e se estás satisfeito, es un dexenerado. Ergo, manifestáste. Habería que convocar unha manifestación contra os que non se manifestan. Sería lindo, que diría un arxentino: "Inmobilista o que non se manifeste". Porque iso si, a manifestación leva ao movemento. Hai que manifestarse dun lado para outro. Non é suficiente reunirse nun lugar. Iso é unha concentración. Para manifestarse con todas as da lei, hai que ocupar as rúas e pasear por elas de arriba abaixo co fin de que todos os que normalmente as utilizan para trasladarse, teñan que escoller outras e cheguen tarde ó traballo, ó fogar, ó masaxista ou a recoller os nenos. Calas porque es un satisfeito que non se queixa de nada, aínda que ti protestarías polas manifestacións. Mala persoa. ●

DÍA A DÍA

Isto non pode continuar, non debe continuar (I)



PLÁCIDO LIZANCOS SANTOS

Viva o obreiro construtor da abundancia allea! *Obreiro, salvador, redentor noso, / ¡perdóanos, irmán, as nosas débedas. // Amado sexa aquel que ten chinchas, / o que leva zapato roto baixo a choiva, / o que vela o cadáver dun pan con dous mistos / o que non ten cumpreanos. // (...) Amado sexa, / o que ten fame ou sede pero non ten / fame con que saciar a súa sede, / nin sede con que saciar as todas súas fames*. Estes versos, neste primeiro de Maio, Día Internacional do Traballo, son de César Vallejo. Un peruano que naceu en 1892.

A súa obra é un modelo da literatura de protesta, como se ve en *España aparta de min este cáliz, Poemas humanos, Trilce e Heraldos negros*, a primeira que publicou.

É interesante a solidariedade que sente polo home, o agarimo polos seus pais e irmáns, polo seu Perú andino, pola raza incaica polo cravado na cruz de América. Foi un poeta comprometido, quixemos falar dun poeta comprometido. Dun poeta pouco coñecido polos nosos estudantes. Cando foi o precursor da poesía moderna, un Picasso do cubismo literario.

Vallejo cos seus poemas aprendeunos a graduarnos de home, que é o que non se aprende na Universidade. Toda a súa vida foi testemuño rotundo de pobreza e traballo. "Amin dóeme moito a miseria". Mesmo, di: "Un pode morrer de mise-

Vallejo cos seus poemas aprendeunos a graduarnos de home, que é o que non se aprende na Universidade

ria". E así foi. Cando o médico o atopou enfermo exclamou indignado: "O que ten César é fame. Déanlle de comer pouco a pouco porque, se non, morre". E efectivamente finou. De fame e de miseria. No parte facultativo no souberon que poñer. Deste xeito morreu quen quixo vivir "dando anaquiños de pan fresco".

París, Madrid, Moscova coñeceron das súas bágoas do exilio. Finou en París en 1938. Finou un xoves,

véspera de Venres Santos, despois de ter sufrido coma Cristo, as inxustizas da sociedade pola que derramou tantas bagullas.

Para el o mundo do obreiro é triste e esgrevio. O obreiro é un orfo social. As institucións públicas non se achegan a el ou só o tocan tanxencialmente. Todo isto comprobouno César Vallejo. Por iso os himnos de exaltación ó obreiro son unha denuncia a ritmo de acto de contrición e golpe de peito que pode ferir a nosa burguesa mentalidde social. A sociedade moderna foi estruturada por e para os opulentos. Ó pobre deixáronlle as migallas de Lázaro. Non existe igualdade de oportunidades. Por iso en América pasou o que pasou e pasa. En América a democracia é unha máscara dos ricos para enganar os pobres e manter a súa vantaxe. ●